

A Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo lémbrales que:

- Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a máxima **puntualidade**.
- Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.
- Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
- **As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.**
- Para realizar **gravacións e tomar fotografías** deberán obter permiso previo da organización.
- Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomendan as propias compañías polo que **en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**
- **En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos**, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.
- Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan.
- En caso de climatoloxía adversa, algunha das actividades programadas para exterior poderá ser trasladada para o CCC de Arteixo Manuel Murguía.
- Os espectáculos estarán suxeitos ao **aboamento de entrada ou á recollida de invitación**. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.



+Info:

SM de Cultura
Centro Cívico Cultural de Arteixo
Manuel Murguía
Rúa Alcalde Baldomero González
15142 Arteixo

981 659 100 | cultura@arteixo.org
www.arteixo.org



Organiza

Arteixo / Cultura

Colaboran



Venres 14 de novembro | 19:00 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
Bichitos de Spasmo teatro
Teatro / Xestual
Público infantil (6 a 12 anos)
55 minutos | Con entrada: 4 e 3€

Espectáculo de humor xestual para toda a familia no que, a través do formato documental teatral, coñeceremos mellor e aprenderemos a respectar e valorar aos nosos pequenos veciños invertebrados. Unha obra de teatro que sorprende polo seu colorido e polo seu ritmo e que, ademais, ensina á rapazada a importancia de coidar o medio ambiente.

Autoría: Vicente Martín, Álvaro Sánchez, Isaac Tapia, José Gabriel Sánchez e Ángel Calvente
Dirección: Ángel Calvente
Elenco artístico: Isaac Tapia, Vicente Martín, Álvaro Sánchez e José Gabriel Sánchez



Venres 21 de novembro | 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
As Gardiás de Teatro de Ningures
Teatro/Comedia
Público adulto
90 minutos | Con entrada: 4 e 3€

Rosa e tres compañeiras xubiladas da industria téxtil viven xuntas nun vello piso dun barrio obreiro, mantendo a súa independencia. Cando a filla de Rosa quere levala a unha residencia e vender a casa, xurde un conflito entre diferentes visións do envellecemento, e elas idean estratexias para defender a súa liberdade.

Autoría: Nasser Djemai
Dirección: Cristina Domínguez
Elenco artístico: Casilda Alfaro, Melania Cruz, Amparo Martínez, Sonia Rúa e Rebeca Montero



Venres 28 de novembro | 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
Noso de Os Náufagos Teatro
Teatro/ comedia
Público adulto
75 minutos | Con entrada: 6 e 4,50 €

Nicolás convoca a súa familia para despedirse da casa da infancia, expropiada pola construción dun parque eólico. O reencontro, marcado polas lembranzas, os conflitos entre irmáns e unha visita inesperada, abre un debate sobre o pasado, o futuro e o vínculo co lugar de orixe. *Noso* é unha dramedia familiar ambientada nas mobilizacións rurais contra os eólicos.


Autoría e dirección: Gustavo del Río
Elenco artístico: Daniel Otero, María Roja, Rebeca Vecino, Jimmi Nuñez e Sete Eiroa



Venres 5 de decembro | 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
Gala Máxica de Joshua Kenneth e amigos
Maxia
Todos os públicos
75 minutos | Con entrada 6 e 4,50€

Kenneth volta a Arteixo pero esta vez non ven só, trae consigo aos mellores ilusionistas galegos do momento: Natalia Pajarito, mestra de cerimonia, actriz e clown; Román García, ilusionista recoñecido internacionalmente e Dani Polo, novo talento premiado en España e Europa. Xuntos ofrecerán unha gala inesquecible chea de humor, grandes ilusións, prestidixitación e maxia poética nun mesmo escenario.

Elenco artístico: Joshua Kenneth, Dani Polo, Román García e Natalia Pajarito



Venres 12 de decembro | 19:00 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
Alén da Asociación Teatral Paso de Valverde
Espectáculo de sombras
Público familiar (+ 3 anos)
60 minutos | Con invitación

Alén segue a Chuquiño, un rapaz galego que viaxa fóra da súa terra buscando á súa tía exploradora. Perdido polo camiño, coñece países e culturas distintas á súa. O espectáculo combina sombras, manipulación de personaxes e videoproxeccións.

Dirección: Xavier Ramilo
Autoría e elenco artístico: Pablo Zas e Xavier Ramilo



Sala de exposicións do CCC de Arteixo Manuel Murguía

Do 10 ao 19 de outubro
Fotografías antigas da Asociación de Pensionistas e Xubilados de Arteixo

Do 24 ao 22 de novembro
Pintura e gravado "Nunca podré comprarte un Land Rover" de Jorge Labandeira.

Do 1 ao 15 de decembro
Fotografías e paneis informativos "Chicas nuevas 24 horas" de Mabel Lozano. Promove: Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.



2025
outubro
novembro
decembro



Venres 3 de outubro | 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
Sen alma de Iago Barrado
Cinema/Thriller
Público adulto
70 minutos | Con invitación

Unha variante do virus da rabia infectou á poboación mundial. Agora, nun mundo cheo de infectados, tres irmáns fan todo o posible por sobrevivir e reunirse de novo.

Autoría, dirección e guión: Iago Barrado.
Equipo artístico: Cristina Leiras, Daniel Otero, Fran Nogueira, Tomás Salvadores, Jorge Gallardo, Isabel Fidalgo, Daniel Currás, Íñigo Trigo, Paula Peláez, Rosa Facal, Gonzalo Amarelle, Laira Fafián e Borja Beltrán.

*** PREMIO Mellor Longametraxe Internacional - 5º Arjuntala International Film Festival (India)**

** Varias secuencias desta película están rodadas no Concello de Arteixo, máis concretamente en Santa Leocadia, Santa Ictia ou preto da casa do concello na Avda. de Galicia.*



Venres 10 de outubro | 18:30 h
Capela do Balneario
Meco e sono de Xarope Tulú
Teatro/Comedia
Público infantil (0 a 6 anos)
35 minutos | Con invitación

Meco e Sono é un novo espectáculo de narración oral, teatro de bonecos e creación sonora en directo: un conto de arrollos para a primeira infancia. Nesta ocasión, Xarope Tulú únese á dramaturxia, música e voz en directo da escritora e xornalista radiofónica Xiana Arias.

Autoría, dirección e elenco artístico: Atenea García e Xiana Arias.



Venres 17 de outubro | 18:00 h
Recinto feiral
Transhumancia de Charanga O Paporrubio
Animación/Danza/Pasacalles
Público familiar
60 minutos

XXIV Feira Histórica Arteixo 1900

Un grupo de simpáticos animais “cabezudos” formado por un porco, unha vaca e un burro, e acompañados de dous músicos, representarán en directo e ao longo do percorrido diferentes escenas dramáticas, cómicas e coreográficas.

Nelas veremos diferentes gags baseados nas súas relacións de amizade, nas diferentes personalidades e nos conflitos cómicos que xeren as súas discrepancias.

Dirección: Luchi Iglesias
Elenco artístico: Luchi Iglesias, Ignacio Vilariño e Fran Lareo.
Música: Carlos Quintá e Úrsula Rial



Venres 17 de outubro | 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
R(h)umorosas de Etiqueta Negra
Teatro/Comedia
Público adulto
80 minutos | Con invitación

XXIV Feira Histórica Arteixo 1900

As *R(h)umorosas* trátase dunha proposta teatral cómica onde 3 actrices poñen en valor ás grandes mulleres da historia galega, nun contexto fresco, orixinal, divertido e moi innovador. Que dirían María Pita, Rosalía de Castro ou Isabel Zendal se fosen cómicas hoxe en día?

Autoría, dirección e elenco artístico: Ledicia Sola, Marta Doviro e Carmen Méndez



Sábado 18 de outubro | 12:00 h
Entrada principal do Paseo Fluvial
Cousas de aldea de Os Viqueiras
Folk tradicional/Pasacalles
Todos os públicos
120 minutos

XXIV Feira Histórica Arteixo 1900

Este grupo de música folk tradicional, interpretará pezas do seu último disco “As Estrelas do Camiño” nun sentido homenaxe ao seu fundador: Manuel Viqueira Vieites, o Gaiteiro de Vilaverde. As pezas, moitas delas cantadas, gardan a esencia da tradición máis pura pero arranxadas co seu toque persoal. Os Viqueiras proxectan unha nova forma de ver a música e os sentimentos, adaptan harmonías e utilizan ritmos e percusión con vocabulario máis amplo, proxectando moita forza, alegría e gañas de bailar.



Sábado 18 de outubro | 14:30 h
Praza do Balneario
Sesión vermú con As pandeireteiras do grupo de música tradicional de **Xacarandaina**
Folk tradicional
Todos os públicos
75 minutos

XXIV Feira Histórica Arteixo 1900


As pandeireteiras de Xacarandaina foron o primeiro grupo destas características creado en Galicia no ano 1982, catro anos despois da fundación da asociación. Nesta actuación imos ver como dita entidade continúa co labor de transmitir parte da nosa cultura de tradición oral. O grupo oficial de Pandeireteiras de Xacarandaina conta cun amplísimo repertorio (oral e tocado) co cal poder mostrarnos unha viaxe por toda Galicia.



Sábado 18 de outubro | 22:30 h
Praza do Balneario
Banzo de Os do fondo da barra
Folk tradicional
Todos os públicos
75 minutos

XXIV Feira Histórica Arteixo 1900

Os do fondo da barra nacen do grupo de cantareiros de Xacarandaina para a investigación do folclore galego, sempre procurando a maior pureza e semellanza coa realidade, e pretendendo ser unha ferramenta de transmisión da arte popular de Galicia. Teñen percorrido gran parte da Península e participado en festivais no estranxeiro, acadando numerosos premios e recoñecementos por todo o mundo.



Domingo 19 de outubro | 16:30 h
Anfiteatro
Muiñada de Galeatro
Teatro/Comedia
Público infantil (+ 5 anos)
50 minutos

XXIV Feira Histórica Arteixo 1900

Sabela e Xacobe encóntranse nun muíño de auga por un malentendido coas quendas. Ao ver que non poden moer os dous ao mesmo tempo, comeza unha discusión na que o xogo, as lendas, a tradición e a música farán que os cativos e os que non o son tanto se acheguen a un edificio que foi fundamental para a historia de Galicia. *Muiñada* é unha viaxe ao pasado para as nenas/os de hoxe.

Autoría: Ana Carreira
Dirección: Davide González
Elenco artístico: Alba Bermúdez e Tone Martínez



Domingo 19 de outubro | 17:30 h
Praza do Balneario
Xograría, contos arredor da terra de Alba de Vales
Narración oral
Público infantil (+ 6 anos)
50 minutos

XXIV Feira Histórica Arteixo 1900

A xograresa **Alba de Vales** mestura humor e tenrura para explorar o crecemento e evolución da lingua galega, conectando a súa historia persoal coa memoria colectiva. A través de contos, romances humorísticos, cantigas e interpretación con obxectos e monicreques, achega ao público á tradición oral, á cultura popular e á vida nas aldeas, ofrecendo unha experiencia para todos os públicos que celebra a galegitude e a riqueza da nosa lingua.



Venres 24 de outubro | 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
Mofa e Befa: os dous de sempre. O regreso de Excéntricas
Teatro/Comedia
Público adulto (+13 anos)
90 minutos | Con entrada: 4 e 3 €

Moita xente, cando escoita a expresión “Os Dous de Sempre”, no primeiro que pensa é en Mofa e Befa. E a Castelao non lle parece mal. Mofa e Befa pertencen á estirpe dos pallasos de circo, dos artistas do cinema mudo, dos canallas do cabaré. Agora decídense a encarnar dúas personaxes de papel, concibidos por un humorista gráfico: Os Dous de Sempre.


Autoría: Quico Cadaval e Carme Varela
Dirección: Quico Cadaval
Elenco artístico: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Josito Porto



Venres 31 de outubro | 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
Made in Galiza de Sarabela Teatro
Teatro/Comedia
Público adulto
60 minutos | Con entrada: 4 e 3€

Como quen deixa roubar o seu tesouro máis prezado, a actitude das galegas e dos galegos respecto á súa lingua non “resistiría” ningunha análise. E será que debemos constituír unha oficina de palabras perdidas? Palabras perdidas, roubadas, etc. Fronte ao “*es que no me sale*”, “*es que no se me da*”. “Made in Galiza”, de Séchu Sende, convida-nos a defender con humor e poesía a “república independente” do galego, sen renunciar a el nin en soños. Sarabela Teatro aposta por este universo literario, moi presente no ensino medio, comprometéndose na defensa da lingua como o noso ben máis valioso.

Autor: Séchu Sende
Dirección: Fina Calleja
Elenco artístico: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo e Josito Porto



Venres 7 de novembro | 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo
Manuel Murguía
Tralos pasos de María Casares de Isabel Blanco
Cinema/Documental
Público adulto
75 minutos | Con invitación

Esta viaxe de dúas actrices, Isabel Blanco e Sabela Hermida, percorre os pasos dunha muller referente para as artes escénicas do século XX: a actriz María Casares (1922–1996). Muller exiliada, desenvolveu a súa carreira teatral en Francia ao longo do século XX. O seu éxito é un exemplo de loita, superación e constancia nun contexto marcado por circunstancias tan adversas como a guerra, o exilio e un panorama artístico pouco favorable para a muller.

Dirección: Isabel Blanco.
Elenco artístico: Isabel Blanco e Sabela Hermida.

